


Compostela garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén, non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un **ciclo programado pola Área de Cultura do Concello de Santiago de Compostela** que abre as portas de tesouros, habitualmente fechadas, e deseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para conservar na memoria unha experiencia cultural única.

.....

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que **cada solicitante poderá reservar un máximo dunha visita para dúas persoas.**



Colaboran:



Colexio Compañía de María
Santiago de Compostela



Museo
Colexiata de Sar



FUNDACIÓN
CATEDRAL
DE SANTIAGO



As visitas guiadas que realizamos na **Semana do Patrimonio Invisible** baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos. Por este motivo as prazas para cada quenda de visitas son limitadas, e o proceso de reserva **precisa da confirmación mediante correo electrónico** por parte da organización a cada visitante.

.....

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial **patrimonioinvisible.gal** e completar o formulario de reservas.

**Reserva
a túa praza!**

patrimonioinvisible.gal

Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



Compostela
Cultura
Patrimonio

**SEMANA DO
PATRIMONIO
INVISIBLE**

Espazos agochados de Compostela

Do 1 ao 5 / decembro / 2025

VII edición



Deputación
DA CORUÑA



Mananciais de Compostela

Baixamos ás profundidades da terra para adentrarnos nos antigos mananciais de auga das fontes históricas da cidade medieval da Fonte Branca e Ponte Mantible. Unha experiencia inesquecible.

CSC da Trisca

Nun terreo moi estreito, érguese este emblema da arquitectura contemporánea na cidade, obra do neiorquino John Hejduk, xunto a un equipo formado por Antonio Sanmartín, Elena Cánovas e Leonardo Rietti.

Cemiterio e capela do Rosario

No interior de San Domingos de Bonaval visitaremos e coñeceremos a capela e o cemiterio desta institución, fundada hai máis de 500 anos e peza fundamental da Semana Santa compostelá.

Teatro Principal

Aínda que non hai unha persoa de Santiago que non asistira a un espectáculo no Teatro Principal, son menos as que puideron acceder aos seus espazos agochados e descubrir a súa curiosa historia desde a súa inauguración en 1841.

Pazo Arcebispal

Facendo ángulo coa porta da Acibechería localízanse as dependencias do pazo arcebispal, antigamente coñecido como o “provisorato”, hoxe sede da curia. Tras a súa fachada decimonónica agóchanse algunhas sorpresas como a espectacular escaleira de honra que comunica coa cámara arcebispal.

Escavacións da Catedral

Baixo o chan da catedral agóchanse as orixes da cidade apostólica. Unha experiencia única para camiñar sobre as camadas superpostas de historia, que nos mostran a evolución do “Locus Sanctus” a través dos seus camposantos, da cerca de Cresconio e dos primeiros templos dedicados ao fillo do Trono.

Auditorio de Galicia

Entramos nas partes menos coñecidas deste edificio deseñado polo estudio de Julio Cano Lasso en 1988. De carácter urbano e pechado cara á Praza do Burgo das Nacións, ábrese á natureza no Parque da Música. O volume dominante do escenario reflíctese nunha lámina de auga, converténdose nun potente referente visual da cidade.

Compañía de María

Coñecido como “A Ensinanza”, este foi o primeiro centro de Galicia dedicado á educación feminina e un dos colexios máis antigos de Compostela. Polas súas aulas pasaron xeracións de santiagoenses e santiagueses, pero o seu interior segue a ser un gran descoñecido na cidade.

Casa da Parra

A fachada barroca deseñada por Domingo de Andrade é a súa carta de presentación. Pero, que agocha esta xoia arquitectónica? Un percorrido polo seu interior permitiranos coñecer os seus espazos e as sorprendentes descubertas arqueolóxicas realizadas con motivo da súa rehabilitación.

Colexiata do Sar

Unha das arquitecturas máis sobranceiras do románico compostelán abre as súas portas para amosar a singular beleza dos seus muros e piares inclinados, a impresionante colección de sartegos medievais e outras sorpresas.

Santiago Patrimonio Mundial

Compostela foi a primeira inscrición galega na lista da UNESCO. Pero por que? Até onde chega o límite do declarado? E realmente, isto que significa? No 40 aniversario da declaración da Cidade Histórica como Patrimonio Mundial paseamos por ela nunha visita especial.

Luns

- 11 h Teatro Principal
- 12 h Colexiata do Sar
- 13 h CSC da Trisca
- 17 h Pazo Arcebispal
- 18 h Compañía de María
- 19 h Cemiterio e capela do Rosario
- 20 h Santiago Patrimonio Mundial

Martes

- 11 h Teatro Principal
- 12 h Colexiata do Sar
- 13 h Escavacións da Catedral
- 17 h Escavacións da Catedral
- 18 h Compañía de María
- 19 h Pazo Arcebispal
- 20 h Auditorio de Galicia

Mércores

- 11 h Mananciais de Compostela
- 12 h Mananciais de Compostela
- 13 h Mananciais de Compostela
- 17 h Casa da Parra
- 18 h Auditorio de Galicia
- 19 h Pazo Arcebispal
- 20 h Santiago Patrimonio Mundial

Xoves

- 11 h Casa da Parra
- 12 h Colexiata do Sar
- 13 h Teatro Principal
- 17 h Casa da Parra
- 18 h Pazo Arcebispal
- 19 h Compañía de María
- 20 h Cemiterio e capela do Rosario

Venres

- 11 h Casa da Parra
- 12 h Colexiata do Sar
- 13 h Escavacións da Catedral
- 17 h Escavacións da Catedral
- 18 h Cemiterio e capela do Rosario
- 19 h CSC da Trisca
- 20 h Visita secreta